




OS LUGARES DE INTERESE XEOLÓXICO DA RBTGX

21. SENDEIRO Á CORGA DA FECHA



COORDENADAS XEOGRÁFICAS

X 573715 Y 4633230



Estamos diante dun punto de interese xeolóxico chamado Sendeiro á Corga da Fecha pertencente á ruta xeolóxica do “Parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés”. Aínda que este punto non se atopa dentro dos límites do parque natural inclúese nesta guía dada a súa importancia.

A rocha atopada nesta zona é o granito de Lobios, de gran groso, con biotita (mica negra rica en ferro) e cristais de feldespato máis grandes que o resto, cunha textura de "dente de cabalo". É unha rocha impermeable e dura, e o seu gran tamaño de gran fai que se fracture, xerando boles de tamaño considerable.

Na encrucillada da pista que segue o río Caldo na súa marxe dereita coa que sobe cara á Corga da Fecha podemos ver un dique de cor ocre, no interior do granito, dun metro de espesor. É un dique feito cunha rocha pobre en sílice que se altera moito máis rápido que o granito que o rodea, semella limo e desfáise moi facilmente.

Dirixíndose augas arriba do río Caldo, á esquerda da pista podemos ver unha rocha avermellada extremadamente dura, co aspecto de pequenas pedras incrustadas dentro doutra rocha. É unha rocha producida nunha falla, nunha fractura no chan, na que as rochas preexistentes se fragmentan e, posteriormente, son cementadas por fluídos ricos en sílice. Estas rochas chámanse "brechas de falla". O recheo entre os bordos ten un ton vermello debido aos óxidos de ferro presentes nos fluídos.

A través dun camiño con algúns pasos algo complicados, pódese chegar á parte baixa da Corga da Fecha e ver algunhas pozas e fervenzas. Estes corgas seguen áreas de debilidade no granito chamadas zonas de cizalla dúctil. Formáronse en granito hai millóns de anos, a quilómetros de profundidade, debaixo da superficie, debido aos esforzos aos que foi sometida esta rocha, polo que son erosionados pola acción da auga con relativa facilidade.